CA5.2 - Recorrer á biblioteca como fonte de información e gozo e banco de recursos, respectando as súas normas de uso.	Visita a biblioteca da aula de xeito voluntario e respectando as normas.	
CA5.3 - Gozar compartindo a escoita e a lectura de textos literarios.	Escoita con atención a lectura de textos literarios.	
CA5.4 - Participar en actividades de aproximación á literatura infantil, tanto de carácter individual coma en contextos dialóxicos e participativos, descubrindo, explorando e apreciando a beleza da linguaxe literaria.	Amosa inicitiva para facer aportacións nas situacións de intercambio comunicativo tras a escoita dun texto literario.	
CA5.5 - Expresar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo.	Expresa a súa opinión ou gusto persoal.	
CA6.1 - Percibir, identificar e discriminar sons.	Participa nas actividades e xogos de conciencia fonolóxica, recoñecendo e diferenzando as unidades da lingua como fonema.	
CA6.2 - Interpretar propostas dramáticas e musicais utilizando e explorando diferentes instrumentos, recursos ou técnicas.	Participa nas dramatizacións propostas.	
CA6.3 - Valorar as producións dos demais de forma crítica, respectuosa e empática.	Valora e respecta as producións dos compañeiros/as.	
CA6.4 - Expresar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións artísticas e culturais, gozando do proceso creativo.	É que de manifestar as súas emocións.	
CA6.5 - Expresar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo.	É quen de expresarse en diferentes en diferentes linguaxes.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA6.6 - Interpretar musicalmente mensaxes expresadas noutras linguaxes (oral, plástica, gráfica, escrita e corporal), indagando nas posibilidades expresivas que ofrecen as transferencias entre elas.	É quen de expresarse en diferentes en diferentes linguaxes.	
CA7.1 - Interpretar as mensaxes transmitidas mediante representacións ou manifestacións artísticas, tamén en formato dixital, recoñecendo a intencionalidade do emisor e mostrando unha actitude curiosa e responsable.	É quen de inerpretar as mensaxes en distintos formatos.	
CA7.2 - Elaborar creacións plásticas explorando e utilizando diferentes materiais e técnicas e participando activamente no traballo en grupo.	Coordina as súas accións plásticas coas dos demais nenos e nenas.	
CA7.3 - Expresar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións plásticas, artísticas e culturais, gozando do proceso creativo.	É quen de expresarse en diferentes en diferentes linguaxes.	
CA7.4 - Expresar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo.	É quen de expresar as súas emocións mediante manifestacións artísticas.	
CA7.5 - Valorar as producións dos demais de forma crítica, respectuosa e empática.	Valora e respecta o traballo dos compañeiros e compañeiras.	
CA7.6 - Elaborar creacións plásticas a partir de mensaxes expresadas noutras linguaxes (musical, oral, gráfico, escrito e corporal) e indagar nas posibilidades expresivas que ofrecen as transferencias entre eles.	Amosa imaxinación e iniciativa nas súas producións.	
CA8.1 - Explorar as posibilidades expresivas do corpo a través da dramatización e da danza.	Participa con interese en actividades musicais.	
CA8.2 - Axustar harmonicamente o seu movemento ao dos demais e ao espazo como forma de expresión corporal libre, manifestando interese e iniciativa.	Explora as propiedades sonoras do seu corpo.	
CA8.3 - Valorar as producións dos demais de forma crítica, respectuosa e empática.	Valora e respecta o traballo dos compañeiros e compañeiras.	
CA8.4 - Interpretar corporalmente mensaxes expresadas noutras linguaxes (musical, plástica, gráfica, escrita e oral) e indagar nas posibilidades expresivas que ofrecen as transferencias entre elas.	É quen de interpretar as mensaxes en distintos formatos.	
CA9.1 - Interactuar de maneira virtual familiarizándose co uso de diferentes medios e ferramentas dixitais.	Amosa interese e gusto polas actividades TIC.	
CA9.2 - Interpretar as mensaxes transmitidas mediante representacións ou manifestacións artísticas, ou en formato dixital, recoñecendo a intencionalidade do emisor e mostrando unha actitude curiosa e responsable.	É quen de interpretar as mensaxes en distintos formatos.	
CA9.3 - Expresarse de maneira creativa utilizando diversas ferramentas ou aplicacións dixitais intuitivas e visuais para expresarse de maneira creativa.	Demostra interese e gusto polas actividades TIC.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA9.4 - Coñecer e aplicar as normas básicas de uso das ferramentas tecnolóxicas: tempos de utilización, contextos e momentos de uso, tipo de aplicacións, contidos axeitados.	Demostra interese e gusto polas actividades TIC.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Repertorio comunicativo e elementos da comunicación non verbal. - Obxectos e materiais. Interese, curiosidade e actitude de respecto durante a súa exploración. - Exploración e control do corpo, recoñecendo progresivamente as súas características e posibilidades para chegar á toma de conciencia do esquema corporal e das súas posibilidades expresivas. - O valor da persoa á luz da mensaxe cristiá: autonomía e comunicación. - Comunicación interpersonal: empatía e asertividade. - Imaxe global e segmentaria do corpo: características individuais e percepción dos cambios físicos. Autoimaxe positiva e axustada ante os demais. - Identificación das calidades ou atributos dos obxectos. Relacións de orde, correspondencia, clasificación e comparación. - Progresiva autorregulación, responsabilidade, coidado de si mesmo, nos hábitos básicos de relación. - Diferenciación de formas planas e tridimensionais: corpos xeométricos. - Convencións sociais do intercambio lingüístico en situacións comunicativas que potencien o respecto e a igualdade: atención, escoita activa, quendas de diálogo e alternancia. - O coidado e o respecto do corpo e da natureza na visión cristiá. - Identificación e respecto das diferenzas, así como a aceptación da súa imaxe corporal e da propia identidade. - Descubrimento dos cambios que se producen nas persoas co paso do tempo, respectando as diferenzas. - O valor do ser humano, cos seus límites e posibilidades, como fillo de Deus. - Emprego de cuantificadores básicos contextualizados. - A igualdade e dignidade de todos os seres humanos á luz do Evanxeo. - Desenvolvemento da identidade sexual e aceptación do corpo sexuado. - Uso funcional dos números na vida cotiá. Cantidade, número e grafía. Situacións nas que se fai necesario medir. - Construción de nocións espaciais básicas en relación co propio corpo, cos obxectos e coas accións, tanto en repouso coma en movemento. - Actitude de respecto #ante a exteriorización de emocións, crenzas, pensamentos, ilusións e medos dos demais. - Coñecemento do corpo e da contorna a través dos sentidos e das súas funcións. Implicacións da discapacidade sensorial ou física na vida cotiá. - Comunicación das propias emocións cando perdoamos e somos perdoados. - Adquisición das nocións básicas de orientación e coordinación de movementos ¿control progresivo da coordinación, ton, equilibrio e desprazamentos¿ co fin de adquirir autonomía na realización das tarefas.

Contidos

- Identificación das nocións topográficas básicas no plano.
- Adquisición do concepto de tempo nas actividades cotiás e a súa organización: antes-despois, día-noite, estacións, ciclos, calendario...
- Participación no xogo como actividade pracenteira e fonte de aprendizaxe. Interiorización paulatina das normas de xogo. Dominio activo do ton e a postura en función das características dos obxectos, accións e situacións.
- Calidades e talentos persoais propostos en figuras bíblicas e outras biografías significativas.
- Avance e control progresivo da motricidade fina.
- Relatos bíblicos e biografías doutros personaxes da cultura da contorna que poñen de manifesto o valor da interioridade e a experiencia relixiosa.
- Interiorización das nocións espazo-temporais nas actividades cotiás.
- Valoración da beleza e a súa capacidade para ser transmisora dun sentido de pertenza e valores.
- Expresión creativa a través de diferentes linguaxes do seu mundo interior, do que experimenta e admira.
- Aprecio do silencio e a calma como ferramentas para a identificación de emocións e sentimentos.
- Ao encontro e coidado dos outros: crecer en comunión.
- Maneiras e modos de comunicar as emocións propias nas relacións interpersoais.
- Actitudes de autonomía, asertividade, respecto, empatía e coidado das persoas e da natureza, á luz da ética cristiá.
- Valoración dun clima de convivencia harmónico, inclusivo e pacífico construído entre todos: o diálogo e a empatía.
- Actitudes de amabilidade, acollida e gratitude como expresión de respecto aos demais.
- Habilidades para a mediación e a resolución de conflitos: escoita activa, diálogo construtivo, asertividade e perdón.
- Valoración das relacións sociais, en especial da amizade.
- Admiración e coidado da natureza como creación de Deus e casa común.
- A fraternidade humana: fillos e irmáns dun único Deus.
- Presentación de diversos relatos bíblicos que reflectan as accións e sentimentos de Xesús de Nazaret cara aos máis necesitados.
- Narracións bíblicas que propoñen o perdón, a misericordia e a solidariedade como características do Reino de Deus.
- A vida cristiá en comunidade.
- Actitudes de solidariedade e cooperación para unha sociedade participativa e inclusiva.
- Identidade cristiá e contorna social.
- Identificación de costumes sociais e manifestacións culturais ou artísticas, como expresión da fe cristiá.
- Recoñecemento de símbolos propios das festas relixiosas.
- As oracións e prácticas cristiás máis comúns na contorna social.
- A Biblia como comunicación de Deus coas persoas.

Contidos

- Recoñecemento de Xesús de Nazaret como figura clave do cristianismo.
- A familia de Xesús e a relación de Xesús cos seus discípulos.
- A figura da Virxe María.
- A oración de Xesús.
- A relación da persoa con Deus e as súas expresións comunitarias: a Igrexa.
- Calendario litúrxico e celebracións cristiás.
- A riqueza da interculturalidade como oportunidade de desenvolvemento persoal e social.
- Ampliación do repertorio lingüístico individual.
- Identificación, verbalización e expresión de sentimentos, emocións, vivencias, preferencias e intereses propios e das demais persoas.
- Pautas para a indagación na contorna: interese, respecto, curiosidade, asombro, cuestionamento e desexos de coñecemento.
- Estratexias de construción de novos coñecementos: relacións e conexións entre o coñecido e o novo, entre experiencias previas e novas; estrutura e soporte e interaccións de calidade coas persoas adultas, cos iguais e coa contorna.
- Achegamento á realidade lingüística da contorna. Fórmulas ou expresións que responden ás súas necesidades ou intereses.
- Ferramentas para a identificación, expresión, aceptación e control progresivo das propias emocións, sentimentos, vivencias, preferencias e intereses.
- Modelo de control de variables. Estratexias e técnicas de investigación: ensaio-erro, observación, experimentación, formulación e comprobación de hipóteses, realización de preguntas, manexo e procura en distintas fontes de información.
- A lingua galega como parte da identidade da nosa comunidade autónoma.
- Estratexias de axuda e colaboración en contextos de xogo e rutinas.
- Estratexias para desenvolver a seguridade en si mesmo, o recoñecemento das súas posibilidades e a asertividade respectuosa cara aos demais.
- Emprego de fórmulas ou expresións que responden ás súas necesidades ou intereses.
- Estratexias de planificación, organización ou autorregulación de tarefas. Iniciativa na procura de acordos ou consensos na toma de decisións.
- Uso do vocabulario das dúas linguas cooficiais.
- O xogo como ferramenta de exploración persoal.
- Estratexias para propoñer solucións: creatividade, diálogo, imaxinación e descubrimento.
- Recoñecemento das particularidades lingüísticas da contorna máis próxima.
- Coavaliación do proceso e dos resultados. Achados, verificación e conclusións.
- Aceptación e valoración axustada e positiva da súa persoa, confiando nas súas posibilidades e recoñecendo as limitacións propias.
- Aproximación á lingua estranxeira. Elementos para unha comunicación funcional básica.
- Habilidades do pensamento computacional.

Contidos

- Aceptación construtiva de erros e correccións: manifestacións de superación e logro.
- Fórmulas e expresións de convencións sociais básicas que regulan as relacións interpersoais.
- Relacións causa-efecto na manipulación de obxectos.
- Valoración do traballo ben feito: desenvolvemento inicial de hábitos e actitudes de esforzo, constancia, organización, atención e iniciativa.
- Resolución de situacións problemáticas empregando diferentes magnitudes.
- Estratexias para a resolución de conflitos e para o desenvolvemento da resiliencia.
- Utilización da linguaxe oral en situacións cotiás e as súas funcións: conversacións, xogos de interacción social e expresión de vivencias.
- Recoñecemento das necesidades básicas do corpo. Hixiene, vestido, alimentación, descanso, actividade.
- Experimentación de accións cos elementos naturais: auga, terra, aire. Características e comportamento (peso, capacidade, volume, mesturas ou transvasamentos).
- Aceptación das normas de comportamento establecidas durante as comidas, os desprazamentos, o descanso e a hixiene.
- Influencia das accións das persoas no medio físico, no patrimonio natural e cultural e no cambio climático.
- Creación de textos ou enunciados orais formais e informais.
- Relacións causa-efecto dos fenómenos naturais e da acción humana sobre o medio: incendios, inundacións, extincións, prácticas non sostibles.
- escoita e comprensión de lecturas en voz alta nas dúas linguas cooficiais, como fonte de pracer e aprendizaxe compartida.
- Valoración da necesidade de desenvolverse en espazos saudables identificando as condicións que os caracterizan. Colaboración no mantemento de ambientes limpos e ordenados.
- Hábitos e prácticas sostibles e ecosocialmente responsables relacionadas coa alimentación, coa hixiene, coa actividade física, co descanso, co autocoidado e co coidado da contorna.
- Interpretación da intención comunicativa das mensaxes.
- Recursos naturais. Sustentabilidade, enerxías limpas e naturais.
- Verbalización da secuencia de accións nunha actividade planificada.
- Identificación de situacións perigosas adoptando comportamentos axeitados na prevención de accidentes e enfermidades.
- Identificación de fenómenos naturais: identificación e repercusión na vida das persoas.
- Discriminación auditiva e conciencia fonolóxica.
- Os seres vivos e as súas características.
- Emprego responsable e axeitado de instrumentos, ferramentas e instalacións para previr accidentes e evitar situacións de risco.
- Uso progresivo de léxico variado, aumentando a precisión na procura dunha maior estruturación das súas frases.
- Actividade física estruturada con diferentes graos de intensidade.
- A relación dos seres humanos cos animais. Empatía, coidado e protección dos animais. Respecto dos seus dereitos.
- Respecto e protección do medio natural. Respecto polo patrimonio cultural presente no medio físico.

Contidos

- Rutinas: planificación secuenciada das accións para resolver unha tarefa; normas de comportamento social na comida, o descanso, a hixiene e os desprazamentos, etc.
- Xestión do seu comportamento en función das necesidades das outras persoas e das normas de funcionamento do grupo, dereitos, responsabilidades e comportamentos sociais, camiñando progresivamente cara á autorregulación das súas accións.
- A familia e os distintos modelos familiares. A súa estrutura e os seus membros.
- Intención comunicativa e achegamento ás principais características textuais e paratextuais. Primeiras hipóteses para a interpretación e a comprensión.
- Identificación dos usos sociais e das funcións da lectura e da escritura: comunicativa, representativa e lúdico-creativa.
- A diversidade familiar. Familia, escola e outros contextos socioemocionais. Identificación e diferenciación como primeiros grupos sociais de pertenza e interacción. Outros grupos sociais de pertenza: características, funcións e servizos.
- Relacións de parentesco.
- Diferenciación entre as formas escritas e outras formas de expresión gráfica.
- Habilidades socioafectivas e de convivencia: comunicación de sentimentos e emocións e pautas básicas de convivencia que inclúan o respecto á igualdade e o rexeitamento de calquera tipo de discriminación.
- A escola.
- Exploración das propiedades do sistema de escritura: hipóteses cuantitativas e cualitativas. Aproximación ao código escrito desde as escrituras indeterminadas.
- Estratexias de autorregulación da conduta. Empatía e respecto.
- O barrio e o concello: servizos, características e funcións.
- Creación de textos escritos en diferentes soportes. Outros códigos de representación gráfica: imaxes, símbolos, números.
- Resolución de conflitos xurdidos nas interaccións sociais.
- Valoración de profesións e servizos da comunidade desde unha perspectiva de xénero.
- Dominio progresivo do trazo a través da grafomotricidade como medio de expresión e comunicación.
- Actitudes de respecto cara ás manifestacións culturais da súa contorna próxima.
- A amizade como valor, así como elemento protector, de prevención da violencia e de desenvolvemento da cultura da paz.
- Festas e tradicións do ciclo anual e da cultura galega.
- Identificación e representación de palabras e frases escritas moi significativas e usuais.
- Fórmulas de cortesía e interacción social positiva. Actitude de axuda e cooperación. A resposta empática á diversidade debida a distintas formas de discapacidade e ás súas implicacións na vida cotiá.
- Interese pola produción de mensaxes empregando a lingua escrita en situacións contextualizadas.
- Potenciación do xogo como elemento común a todas as culturas.
- Patrimonio e persoas relevantes da cultura galega.
- Iniciación a estratexias de procura de información, reelaboración e comunicación.

Contidos

- Xogo simbólico. Observación, imitación e representación de persoas, personaxes e situacións. Estereotipos e prexuízos.
- Situacións de lectura individual ou a través de modelos lectores de referencia.
- Celebracións, costumes e tradicións. Ferramentas para o aprecio dos sinais de identidade étnico-cultural presentes na súa contorna.
- Asentamentos e actividades da contorna.
- Achegamento a textos literarios orais e escritos con contido libre de prexuízos, co fin de contribuír a desenvolver valores sobre cultura de paz, dereitos da nena e do neno, igualdade de xénero e diversidade funcional étnico-cultural.
- Os contos tradicionais como elemento transmisor de cultura e xerador de debates con relación a estereotipos de xénero.
- Memorización e recitado de textos literarios.
- Establecemento de vínculos afectivos e lúdicos cos textos literarios.
- Conversacións e diálogos ao redor de textos literarios libres de prexuízos e estereotipos sexistas.
- A biblioteca de centro e de aula como recurso de aproximación á literatura.
- escoita atenta de narracións e instrucións lidas por outras persoas.
- Discriminación de sons e identificación da fonte sonora.
- Exploración das posibilidades sonoras, expresivas e creativas da voz e do corpo.
- Descubrimento das propiedades sonoras dos obxectos cotiáns da súa contorna e dos instrumentos.
- Utilización de sons para a interpretación e a creación musical.
- Achegamento a propostas musicais en distintos formatos: escoitar, cantar, bailar e tocar.
- O código musical: o son, o silencio e as súas calidades.
- Recoñecemento da intención expresiva nas producións musicais e/ou sonoras.
- Aprecio da escoita musical como fonte de gozo.
- Respecto polas producións alleas.
- Identificación das funcións da linguaxe musical: comunicativa, representativa e lúdico-creativa.
- Exploración das posibilidades plásticas e creativas de distintos materiais específicos e inespecíficos.
- Aproximación aos elementos básicos da expresión plástica, técnicas e procedementos.
- Intención expresiva de producións plásticas e pictóricas.
- Respecto cara ás producións alleas.
- Planificación da acción en producións plásticas.
- Achegamento a diferentes formatos e soportes de expresión plásticos e visuais.
- Exploración das posibilidades expresivas e comunicativas do propio corpo (cara, postura, ton, xestos) en actividades individuais e grupais libres de prexuízos e estereotipos sexistas.

Contidos

- Aproximación aos xogos de expresión corporal e dramática.
- Uso do baile e da danza como medios de expresión.
- Respecto cara ás producións alleas.
- Vivencia do xesto e do movemento como recursos corporais para a expresión, a comunicación e o intercambio afectivo.
- Aproximación ao uso de aplicacións e ferramentas dixitais con distintos fins: creación, comunicación, aprendizaxe e gozo.
- Uso saudable e responsable das tecnoloxías dixitais.
- Aproximación ao uso de ferramentas dixitais en procesos creativos.
- Lectura e interpretación crítica de imaxes e información recibida a través de medios dixitais.
- Función educativa dos dispositivos e elementos tecnolóxicos da súa contorna.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Na introdución deste documento apuntáronse unha serie de principios didácticos que son a base do desenvolvemento dos Proxectos de traballo nos que se sustenta a presente programación didáctica anual. A continuación comentaránse máis polo miúdo xunto á inclusión de outros aspectos metodolóxicos e didácticos adicionais e suplementarios os mesmos.

Nun segundo momento centrarémonos nunha serie de tarefas globais e presentes ó longo de ditos proxectos e que constituirán o núcleo fundamental e a plasmación na práctica dos principios metodolóxicos plantexados.

-Globalización:

Aceptando que a aprendizaxe non se leva a cabo por acumulación de elementos a estrutura cognitiva do alumno (esquemas cognitivos), senón pola reorganización dos mesmos integrando os elementos existentes cos novos; faise necesario un tratamento globalizado do proceso de ensino-aprendizaxe no cal o alumno/a poida interrelacionar os seus coñecementos previos cos novos.

Tendo en conta que tódolos coñecementos abarcan diferentes campos tanto físicos, sociais como afectivos é imprescindible o tratamento global de todos eles e non por separado ou como compartimentos estancos.

Asemade se pretende desenvolver no alumno/a tódalas capacidades tanto físicas como afectivas, sociais e intelectuais dun xeito global xa que toda actividade realizada polos nenos/as pon en marcha de xeito simultáneo mecanismos afectivos, comunicativos, psicomotores, cognitivos que deben ser abordados dun xeito global partindo sempre das experiencias cotiás dos alumnos/as.

- Construtivismo:

Os alumnos/as constrúen a súa aprendizaxe partindo dos seus coñecementos previos, de xeito que os novos elementos introducidos supoñan a reestruturación (reelaboración, enriquecemento e diversificación) dos seus esquemas cognitivos. Neste senso o papel do mestre será o de crear as condicións necesarias que inciten o alumno/a a iniciar un proceso de reflexión, investigación, descubrimento e superación dos conflitos cognitivos plantexados.

- Aprendizaxe significativa:

Partindo sempre dos coñecementos previos dos alumnos/as os nenos integrarán as novas aprendizaxes nos seus esquemas cognitivos de xeito que adquiran un significado para eles.

- Socialización e comunicación:

Considerando a colaboración e traballo en grupo como a mellor vía para lograr unha aprendizaxe realmente significativa, fomentárase a organización de actividades de carácter grupal onde a comunicación e o diálogo sexa a

vía de solución de problemas, conflitos e respecto as diferencias.

- Afectividade e actividade:

Crearase un ambiente democrático, onde o alumno/a teña parte activa (non só receptora) no seu proceso de aprendizaxe, fomentando as relacións afectivas cos compañeiros, respecto as diferencias. Asemade darase importancia o potencial de cada quen considerando os alumnos como seres intelixentes e con tódalas posibilidades abertas escoltando, aceptando, acordando e tomando un papel activo na aula na toma de decisións autónomas.

- Individualización e tratamento á diversidade:

Teranse en conta durante todo o proceso de ensino-aprendizaxe as características individuais dos alumnos/as así como as súas peculiaridades e ritmos evolutivos individuais. Plantexaranse sempre que sexa preciso aspectos relativos ó reforzo e ampliación, tendo especial coidado en aqueles alumnos/a con necesidades educativas especiais.

- Funcionalidade e aprendizaxe por descubrimento:

Preténdese en todo momento que as actividades propostas sexan funcionais para os nenos/as de xeito que atopen nelas unha necesidade, un obxectivo e un porque de realizalas. Este tipo de tarefas de carácter funcional buscarán sempre a aprendizaxe por descubrimento, de xeito que o alumno/a mediante a súa práctica e actividade descubra e integre nos seus esquemas cognitivos os novos coñecementos

- Aprender a aprender:

Dotarase os alumnos das ferramentas e estratexias necesarias para elaborar o seu propio aprendizaxe (auto aprendizaxe) o importante non é o que se sabe senón dispoñer das ferramentas necesarias para que autonomamente poda chegar a ditos coñecementos cando os precise.

O neno/a aprende actuando autonomamente, polo tanto fomentárase a actividade e participación do alumno na aula.

Aceptárase e fomentárase a necesidade expresiva e comunicativa do alumno/a.

Aceptárase o dereito do alumno a equivocarse, a frustración e a desenvolver autonomamente (coa mediación do mestre) as estratexias necesarias para asumir os erros e aprender deles.

Aceptárase e fomentárase a iniciativa dos alumnos/as na proposta de tarefas a desenvolver na aula, facéndoos deste xeito partícipes do seu proceso de aprendizaxe. O mestre terá tamén que amosar as diferentes posibilidades de exploración e traballo máis aló das motivacións e posibilidades coñecidas polo alumno. (abrir o seu campo de actuación)

Adecuarase a linguaxe empregada cos alumnos/as a súa idade e características, sen caer no tecnicismo excesivo nin na linguaxe excesivamente sinxela que infravalore as súas posibilidades como seres dotados de intelixencia e dun alto potencial de aprendizaxe.

Establecerase cos alumnos/as unha relación afectiva e de complicidade sen esquecer, en ningún caso, que o mestre ten unha función educadora.

Crearase un clima de confianza mutua na aula.

Fomentárase todo tipo de tarefas que supoñan o traballo en grupo, colaboración e respecto os demais, sempre dende unha visión democrática e participativa do alumnado. Lembrando que a función socializadora da escola é a máis importante da educación infantil.

+ Principios metodolóxicos relativos á aproximación ó proceso de lectoescritura:

Tendo en conta a importancia dada xeralmente polas familias dos alumnos/as a este tipo de aprendizaxes académicos, e co fin de clarificar as bases nas que se sustentarán este tipo de aprendizaxes académicos, indícanse a continuación os principios nos que se baseará a acción nas aulas de Educación Infantil neste eido.

Non é finalidade nin obxectivo da educación infantil ensinar a ler e escribir, non obstante isto non implica que se inicie este proceso e se faga unha aproximación á lecto-escritura, tal como indica a lexislación ó respecto, tendo sempre en conta e respectando o desenvolvemento evolutivo e capacidades dos alumnos/as en cada momento.

O proceso de aproximación á lectoescritura realizarase empregando o método Molalaletra, Editorial Edelvives, un método composto polas seguintes fases: prelectura, preescritura, lectura e escritura e que se fundamenta na posta

en práctica na aula no seguinte:

-Respectarase o proceso evolutivo dos alumnos plantexando conflitos cognitivos relativos á lecto escritura.

-Aceptarase que para unha necesaria e correcta evolución lecto-escritora os alumnos teñen que pasar por unha serie de estadíos ou etapas (en ocasións coincidentes no tempo) como son: indiferenciación texto/imaxe, garabato, escritura indiferenciada, escritura diferenciada, escritura diferenciada con valor sonoro convencional, escritura vocálico-silábica (alfabético silábica) e escritura alfabética convencional.

-O proceso lector evolucionará paralelo ó proceso escritor sempre dende un punto de vista global. Tendo en conta sempre que o aprendizaxe escritor e aparentemente anterior ó lector.

-Tendo en conta o principio de significatividade partírase sempre de elementos relativos a súa vida cotiá e significativos: o nome propio, nome dos compañeiros, nomes dos familiares. O cal non implica que sexa imprescindible achegar ós alumnos diferentes elementos novos.

-Empregarase na aula todo tipo de textos: cómics, narrativos, descritivos, anuncios, cartas, páxinas web, apps... Atendendo sempre a función informativa (como fonte de información) e de lecer dos textos escritos.

-Os textos escritos polos nenos serán tratados co respecto que merecen ó seren creacións dos alumnos/as como resultado dun proceso de investigación (preferentemente grupal) e de descubrimento do código escrito partindo dos seus coñecementos. Non hai textos mal escritos senón mellorables, sempre e cando se adecúe o resultado ás capacidades dos alumnos (un garabato para un neno/a que se atopa nunca etapa silábica non pode ser aceptado como correcto, independentemente das causas que desembocasen nesta acción como a falla de motivación, significatividade da actividade)

-Fomentarase a escritura libre e autónoma por parte dos alumnos/as fora dos momentos plantexados polo mestre facendo xurdir a necesidade escritora e lectora.

-Valoraranse os logros evolutivos dos alumnos na lecto-escritura, pero sempre indicando que todo é susceptible de mellora e plantexando conflitos que o leven a evolucionar na súa aprendizaxe do código escrito e o paso dunha etapa a outra.

Principios metodolóxicos relativos á aproximación ós aspectos lóxico-matemáticos:

+ O proceso de aproximación ós aspectos lóxico-matemáticos realizarase empregando o método ABN:

No tocante á lóxica-matemática o proceso de adquisición de aspectos relativos a calidades físicas dos obxectos (tamaños, dimensións, peso, alturas) desenvolveranse seguindo os principios anteriormente enumerados, enmarcándoos sempre nun contexto funcional e significativo.

-No tocante a grafía dos números os recentes estudos que na Educación Infantil os alumnos non teñen desenvolvido suficientemente (na meirande parte dos casos) os seus mecanismos cognitivos como para asimilar conceptos de inclusión numérica (5 inclúe a 4 e a vez inclúe a 3) imprescindibles para a correcta comprensión da cantidade numérica asociada a súa grafía.

-En todo caso as grafías dos números si aparecerán e serán tratadas na aula como elementos cotiá existentes na súas vidas no cal se pode iniciar unha aproximación académica os mesmos. Primando o recoñecemento dos números e cantidade que simbolizan sobre a escritura convencional da grafía dos mesmos.

-Respectarase e teranse sempre en conta o ritmo evolutivo, características e potencialidades de cada alumno como ente individual, de xeito que calquera dos puntos anteriores sexa susceptible de modificación.

-Empregarase unha serie de rexistros encamiñados á aproximación da serie numérica e as grafías que a compoñen.

Todas elas son máis explicadas na tarefa educativa relativa ás rutinas, pero de xeito xeral se fundamentan no seguinte:

A data (registro diario...)

O número de alumnos (asistentes/ausentes...)

A idade persoal e a dos compañeiros.

Os números da vida do alumnado (idade, peso, altura). Elaboraranse neste sentido traballos como medidores.

Uso convencional dos números como cantidade: prezos, idade, conteo de obxectos.

Uso convencional dos números como ordinais: posición e lugar con respecto a si mesmo e ós demais.

Os instrumentos convencionais de medición con carácter funcional: regras, pesos, distancias.

Os planos: localización de elementos na aula e da aula no centro como aproximación o aspecto simbólico matemático.

No tocante as nocións espaciais: maior-menor, alto-baixo as tarefas plantexadas se centrarán en traballos preferentemente motrices nos que o propio alumno sexa partícipe, tanto en relación a el mesmo como a elementos alleos.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación

Os materias e recursos físicos específicos indícaranse en cada caso, cos cambios pertinentes que poidan xurdir no seu uso segundo a dinámica da aula.

Os materiais empregados son diferentes, fomentando o emprego de materiais reutilizables e de aproveitamento coma pinzas, tapóns, ..Citaremos asemade o emprego de materiais da natureza recollidos no contorno como follas, pedras, area.

Xa por último no tocante ós recursos físicos citaremos o emprego non só da aula senón dos corredores, distintas dependencias comúns do centro, o patio do colexio e o contorno circundante do mesmo.

En canto ós recursos persoais compre destacar a presenza de mestres especialistas de inglés, ademais tentarse que participen nas tarefas propostas, na medida do posible, as familias dos alumnos/as tanto dun xeito directo (entrando na aula) como indirecto.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Levarase a cabo unha avaliación inicial de cada neno/a ó inicio do curso para partir dos coñecementos previos e constatar o ritmo e o desenvolvemento individual.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Criterios de cualificación:

Os criterios de cualificación están marcados pola consecución dos criterios para cada unidade segundo as táboas de indicadores que se elaborarán seguindo a escala de estimación: sen dificultade, en proceso, con dificultade de forma que, o alumno/a obterá a súa calificación en función do grado de consecución observado pola mestra.

Criterios de recuperación:

Non procede en Educación Infantil.

6. Medidas de atención á diversidade

Tendo en conta que cada neno e nena é único, isto esixe planificar o traballo de forma aberta, diversa, flexible e positiva, potenciando ademais os diversos tipos de intereses, adoptaránse e utilizaránse estratexias como:

- Modificación do tempo das aprendizaxes.
- Adecuación da axuda pedagóxica.
- Adecuación da metodoloxía.
- Adecuación das actividades ás diferenzas individuais dos alumnos/as.
- As adaptacións non significativas.
- En canto os "principios xerais de actuación" nos que nos imos basear atópase o de realizar unha intervención educativa con enfoque multidisciplinar de colaboración e coordinación, informar e asesorar ás familias, ter en conta os principios de normalización e inclusión, equidade, igualdade de oportunidades e non discriminación, flexibilidade e accesibilidade, interculturalidade e promoción de convivencia, así como , abarcar todo o alumnado que deba contar con medidas e recursos educativos que respondan ás necesidades.
- A nivel aula, levaránse a cabo unha serie de medidas xerais de atención á diversidade, entendendo estas coma o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e situacións e culturais de todo o alumnado.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2
ET.1 - Desenvolvemento afectivo e xestión emocional	X	X
ET.2 - Descubrimento da contorna e dos seres vivos que nela conviven.	X	X
ET.3 - Educación en valores.	X	X
ET.4 - Educación para o consumo responsable.	X	X
ET.5 - Educación para a saúde.	X	X
ET.6 - Adquirir autonomía persoal e elaboración dunha imaxe de si mesmos positiva.	X	X
ET.7 - Educación igualitaria e libre de estereotipos discriminatorios.	X	X

	UD 1	UD 2
ET.8 - Pautas elementais de convivencia e relación social.	X	X

Observacións:

En Educación Infantil os contidos transversais son contidos de ensinanza esencialmente actitudinais, que forman parte das actividades plantexadas en todas as áreas educativas.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Día mundial dos dereitos do consumidor 15 de marzo	Achegamos ós nenos ós seus dereitos como consumidores.		X	
Semana da prensa 17 de abril	Elaboramos unha nova colectiva.			X
Día de Europa 9 de maio	Concienciámonos de que España é un país europeo e escoitamos o himno.			X
Semana das Letras Galegas 16 de maio	Os nenos da Eso dramatizan un conto e colaboramos coa decoración do centro. Escoitamos o himno galego.			X
Día do libro 21 de abril	Escoitamos un conto ó aire libre e posteriormente representamos a historia a través dunha actividade artística.			X
Semana Filipense 22 ao 26 de maio	Celebramos o día do noso padroeiro facendo xogos tradicionais e realizando un baile no patio da escola.			X
Día do protagonista 1º e 2º trimestre	As familias poderán participar nas aulas realizando as actividades que consideren (profesión, conto...)	X	X	
Sendas ecolóxicas	1º trimestre. Percorremos o bosque do noso colexio observando os cambios que se producen en outono na nosa contorna. Recollemos froitos e follas para realizar con elas nun mural cooperativo.	X		
Mural cooperativo Es tiempo de salir	Realizamos un mural cooperativo co lema do curso.	X	X	X
Samaín	Decoramos as aulas e corredores con motivos desta festa tradicional.	X		
Exposición de cabazas.	As familias que o desexan decoran unha cabaza na súa casa para expoñelas no centro.	X		
Día universal da infancia (21 de novembro)	Achegamos ós nenos e nenas ós seus dereitos.	X		
Día internacional contra a violencia de xénero (25 de novembro)	Concienciamos ó alumnado, mediante o visionado de diferentas curtas da importancia da non violencia.	X		
Estatuto de autonomía (6 de decembro)	Facemos conscientes ó alumnado de que vivimos na Comunidade de Galicia que contén lingua e cultura propia.	X		
Día da declaración universal dos dereitos humanos (9 de decembro)	Achegamos os nenos ós seus dereitos e deberes como cidadás.	X		

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
O Nadal. Panxoliñas e tarxetas de Nadal.	DEcoramos as aulas e corredores con motivos do Nadal. Realizamos tarxetas para felicitar as súas familias e realizamos un festival de panxoliñas no auditorio municipal.	X		
Comezamos a horta.	Iniciamos a preparación da terra para sementar e recolectar froitos.		X	
Día internacional da muller (8 de marzo)	Concianciamos os nenos e as nenas da igualdade entre xéneros.		X	
Saída fin de curso	Visitamos unha granxa escola e facemos diferentes actividades.			X
Antroido	Celebramos un baile de antroido caracterizados de xeito libre.		X	

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
A selección e temporalización de contidos foi axeitada.
As actividades complementarias cumpriron os obxectivos cos que foron propostas
Os criterios de avaliación e cualificación foron claros e rigorosos e permitiron o seguimento do progreso do alumnado.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Os recursos e materiais utilizados foron axeitados.
Medidas de atención á diversidade
Realizouse unha avaliación inicial para coñecer o punto de partida do alumnado.
As medidas de atención á diversidade foron axeitadas para atender as necesidades de todo o alumnado.
Clima de traballo na aula
O ambiente da clase foi axeitado e produtivo
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Existiu coordinación entre os distintos profesores/as.
Facilitóuselle ao alumnado e ás familias o coñecemento dos criterios de avaliación e cualificación de cada unidade didáctica ao comezo desta.
Outros
Proporcionáronse ao alumnado información sobre o seu progreso e mais facilitáronse as cualificacións.
Proporcionáronse actividades e procedementos para que o alumnado fose recuperando as partes non superadas da materia.

Descrición:

Farase un seguimento da relación de elementos de avaliación do proceso de ensino e a práctica docente que se indican.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O seguimento da programación realizarase trimestralmente nas distintas reunións de ciclo e departamento e a través do apartado de "Seguimento UD" da aplicación Proens. Para cada UD comprobaranse as datas de inicio e final, a correspondencia entre sesións previstas e realizadas e o grao de cumprimento do programado para a unidade. No caso de detectar problemas, realizaranse as propostas de mellora e correccións necesarias.

Ao remate do curso realizarase unha avaliación da programación mediante o apartado "Seguimento final" de Proens, no que se indicará o grao de cumprimento dos indicadores de logro do apartado 8.1. desta programación e se recollerán as propostas de mellora para o curso seguinte.

9. Outros apartados